

SOLUCIÓNS ACTIVIDADES DE 3º ESO

SEMANA 8ª DO 11 AO 15 DE MAIO

1ª SESIÓN: Autocorrección a partir do solucionario proporcionado.

2ª SESIÓN:

Unidade 7: Reforzo competencias. (páx. 176)

1. Busca nun dicionario en liña os diferentes significados de cada unha destas palabras.

Selección: elección dunha persoa ou dunha cousa entre varias; conxunto de persoas ou de cousas seleccionadas; conxunto de deportistas seleccionados para participar nun torneo ou nunha competición, xeralmente representando a un país.

Cativos: ruíns, de má calidade; pobres, que carecen do necesario; privados de liberdade, presos; persoas de pouca idade, meniños, nenos.

Nivel: altura a respecto dun plano horizontal de referencia; grao de desenvolvemento ou de calidade de certa cousa respecto dun punto de referencia; instrumento que serve para verificar se un plano está horizontal ou vertical; andar.

Liga: fita de tecido elástico con que se suxeitan as medias e os calcetíns á perna; asociación de estados, de persoas ou de agrupacións de calquera clase para un fin común; competición deportiva en que cada un dos equipos xoga con todos os outros da súa mesma categoría; mestura de dous ou máis metais ou dun metal con elementos non metálicos; cantidade de cobre que se mestura con ouro ou prata para facer moedas e xoias.

Obxectivos: imparciais, que describen ou xulgan con exactitude a realidade, sen a intervención de factores afectivos ou persoais; fins, metas, propósitos, cousas que se perseguen ou que se desexa conseguir; albos, puntos contra os que se dirixen proxectís; lentes ou sistemas de lentes colocadas dentro dun microscopio, máquina de fotos etc., na parte máis próxima aos obxectos.

Cada unha destas palabras é polisémica, pois en todos os casos temos un único vocábulo con varios significados.

2. Pensas que teñen a mesma consideración social a práctica deportiva masculina e a feminina?

Non vos esquezades de enviar as vosas reflexións.

4. Redixe as regras de xogo dun deporte inventado.

Estamos impacientes por coñecer a vosa capacidade de invención.